

que vivir en estado permanente de misión.

Así pois, levantemos a mirada e o ánimo. Sen deixar de ser responsables co máis próximo e querido —a parroquia, a igrexa, a reitoral...— que tanto coidamos, pensemos ao mesmo tempo como compartilo xenerosamente, dado que ningún somos dono de nada. Necesitámonos todos; non hai que descartar a ninguén. Pertencendo a distintas parroquias, non somos rivais, senón irmáns en Cristo, membros do mesmo Pobo de Deus, compañeiros de peregrinación nestas terras. Para combater e superar calquera escaseza e penuria, se-xamos xenerosos, esforcémonos en descubrir como podemos unirnos mellor, que podemos dar, que podemos facer por outros... e devolverásenos multiplicado.

Co meu afecto, gratitude e bendición.

Ferrol, 9 de xuño de 2019  
Solemnidade de Pentecoste


✦ Luis Ángel, CMF  
Bispo de Mondoñedo-Ferrol



Deste xeito, chegará a nós aquela abundancia que botamos en falta e desenvolverase a misión por canles fecundas.

Irmáns e irmás, a nosa árbore é boa e ha de dar moitos e bos froitos. Necesitamos nutrirnos da misericordia e a bendición que veñen de Deus, do seu amor e o seu perdón, da súa comunión trinitaria. Sexamos discípulos misioneiros, misericordiosos e samaritanos, construtores de fraternidade. É dicir, sexamos coma Cristo, *outros Cristos*.

Desexemos o ben a todos co saúdo da paz. Que en cada fillo e filla de Deus e da Igrexa que peregrina nas parroquias do arciprestado de Ribadeo-Miranda, todos podan coñecer a Xesús, bo samaritano, misionero do Pai, rostro da súa misericordia, unxido polo Espírito Santo.



**B**ENQUERIDOS irmáns sacerdotes,  
benqueridas consagradas,  
benqueridos matrimonios,  
benqueridas familias,  
irmáns e irmás todos.

Un cordial saúdo de Pascua na festividade de Pentecoste.

Cando o 2 de marzo deste ano 2019 clausurei a Visita Pastoral que comezara o 3 de novembro de 2018, anuncieivos unha carta que vos envío hoxe con contido pascual de vida esperanzada no Espírito Santo, tal e coma eu experimentei a visita pastoral.

Aquel sábado —coa liturxia xa do VIII Domingo do Tempo ordinario—, no que celebrabamos tamén o día de Hispanoamérica, comprometidos coa vida dos pobos, as lecturas parecéronme suxestivas para deixarvos esta mensaxe de final de visita pastoral, que vos envío hoxe recordando con cariño o tempo de graza que vivimos durante a Visita.

## 1. ABUNDA A RIQUEZA EN VÓS

DESPOIS de escoitarvos, de atender as inquietudes, temores e esperanzas que me quixestes transmitir, podo salientar os vosos dons e riquezas, que nos enchen de agradecemento. Seguindo o consello da primeira lectura do VIII Domingo do T. O., tomada do libro do Eclesiástico, elóxiavos só despois de escoitarvos (cf. Eclo 27,7). E, coma vos dixen o primeiro día e repetín por todas partes, é o que quixen facer —escoitarvos—, para agora podervos ofrecer a miña impresión, coma se dun espello se tratase.

Encontrei en vós moita riqueza, moitos signos da misericordia e a fidelidade do Señor. Amor á Igrexa, aos pobres, ás vosas parroquias, aos vosos sacerdotes. A vosa fe aquilatada no tempo e nas probas é moi valiosa. Permittedes ir adquirindo os ollos que Deus concede aos seus amigos para guiar a quen non ve. A quen non ve nada, a quen ve algo, a quen ve borroso. Pedídlle a Xesús que vos manteña ou devolva a vista,

esa que nos ilumina a todos, para que non haxa guías cegos.

A vosa riqueza é unha gran testemuña de fe e amor. Seguíde ofrecendo a testemuña, seguíde anunciando, de palabra e de obra, a abundancia evanxélica do voso corazón. Falade sen temor, coa liberdade dos fillos de Deus, cultivando o pensamento e mailo corazón na relación con Cristo, para parecervos cada vez máis a El. Desa abundancia falará a vosa boca e poderedes testemuñar que o Señor venceu a morte e, así, desterrou para sempre todo mal e todo sufrimento.

En medio de todo o que vivades, cando vos asalten dúbidas, medos e pesimismos —que tamén me compartistes—, mantédevos firmes e incommovibles no Señor. Crede de veras que o voso esforzo non é baldío se está fundado en Deus. El non defrauda xamais. En medio de todo, tedes moitos motivos para o agradecemento e a alegría.

## 2. PODEDES ESTAR AGRADECIDOS E ALEGRES

Osalmos responsorial que recitamos daquela dicía: «É bo loarte, Señor, pregoar o teu amor e a túa fidelidade» (Sal 91). Loo o Señor porque vos mostrou a súa misericordia e a súa fidelidade, dou

grazas e invítovos a dar grazas a Deus hoxe por tanto froito e por tanta luz, pola vosa riqueza.

Entre vós brillan os xustos que medran e dan froito porque están fundamentados na fe, plantados

na casa do Señor. Deamos grazas xuntos, con alegría, polos irmáns de parroquia, unidade pastoral, arciprestado e diocese.

Deamos grazas polas vocacións de especial consagración e entrega: polos sacerdotes, polas persoas consagradas contemplativas (Clarisas) e apostólicas (Fillas da Caridade e Relixiosas de Marta e María).

Deamos grazas polos maiores. Tede a seguridade de que na vellez podedes dar e estades a dar froito, ao proclamar que o Señor é xusto e que nel, a nosa roca de salvación, non existe a maldade. Vivindo con esta esperanza, transmitídesnos sabedoría e prudencia. Pensemos especialmente nos que viven sos ou en residencias. Deamos grazas polos que atenden as relixiosas de Marta e María. Queridos maiores, que todos teñades a oportunidade de desfrutar das atencións que necesitades e dun acompañamento próximo no voso camiño de fe.

Deamos grazas polos nenos e mozos, polos seus catequistas, polos seus pais e avós, transmisio-

res da fe. Polos profesores dos colexios. Polas profesoras de relixión nos centros públicos e polo colexio Sagrado Corazón de Ribadeo das Fillas da Caridade. Queridos nenos e mozos, cremos e confiamos en vós. Queremos mostrarvos o camiño para que vos acerquedes e encontredes con Xesucristo.

Deamos grazas polas familias, por esa unión e forza, por esa concordia con calor de fogar que todos necesitamos. Teñamos presente a quen pasa por dificultades de relación, de falta de traballo, de enfermidade, de escaseza de calquera tipo.

Non deixemos de dar grazas por ser bendicidos e experimentemos o gozo de termos recibido o don da fe para superar e axudar a superar aos outros as contrariedades da vida, grandes ou pequenas. O mundo será mellor canto mellor sexamos cada un. Centrémonos en facer crecer o ben, a verdade, a bondade, a xustiza e a misericordia, coma nos mostra Cristo, o Bo Samaritano que pon ante nós a misión.

## 3. NON DESISTADES DA MISIÓN

COA confianza que Deus da, invítovos a afrontar tódolos retos, co voso sentir e obrar, asociádevos nunha soa perspectiva: a da misión. Estamos urxidos a ser misioneiros e a edificar unha Igrexa

misioneira. Cada un persoalmente, cada grupo, cada comunidade relixiosa e cristiá, cada asociación, cada confraría, cada parroquia, unidade pastoral e arciprestado... e, en fin, toda a diocese, que ten